



PRIMA22

**9, 10 E 11 DE XUÑO
SANTIAGO DE COMPOSTELA**





ZONA VELLA
CONCHEIROS
SAN PEDRO
ENSANCHE
PRAZA ROXA
PRAZA DE VIGO
CONXO





XOVES 9

18:00

SAN PEDRO: ASSIRCÓPATAS

ZONA VELLA: OS VELOCÍCLOPES

ENSANCHE: LATEXO PERCUSIÓN

20:00

CERVANTES: ZELTIA IREVIRE

21:00

PRAZA ROXA: GALIFUNK





OS VELOCICLOPES

ANIMACIÓN DE RÚA

Velocíclopes é un espectáculo de animación de rúa está constituído por cabezudos motorizados de aparencia ambigua (poden verse como zapatos xigantes, cíclopes, automóbiles...). As múltiples posibilidades que ofrece a motorización dos cabezudos, manipulados por personaxes clownescas, fai que nos atopemos perante un espectáculo sorprendente, áxil e de grande interacción co público.





ROGELIO: UN PALLASO EN RECUPERACIÓN

CIRCO

Un espectáculo para todos os públicos da compañía Assircópatas de Dani Blanco: Rogelio leva pechado na súa casa vinte anos. No instituto facíanlle bullying. Despois de ler a Paulo Coelho e seguir unha terapia de 12 pasos, está no último chanzo. Paso número 12: facer en público o que máis lle gusta, a maxia. Un espectáculo de clown, escapismo, humor e moitas sorpresas máis.





LATEXO

ANIMACIÓN DE RÚA

LATEXO é o son. LATEXO é o movemento. LATEXO é unha explosión de ritmo e enerxía. O espectáculo de LATEXO combina o visual da danza cos arranxos musicais baseados na tradición dos blocos afro de Salvador de Bahía. O grupo aporta a súa propia visión do estilo, matizándoo a través de influencias que van dende a percusión mandinga ou a música galega ata a percusión contemporánea.





ZELTIA IREVIRE

CONCERTO

Despois de moitos anos cantando as súas propias composicións tanto en Galicia coma en Irlanda, foi a primeiros do 2018 cando comeza a formar un proxecto musical con Migui Carballido. O seu traballo inspírase no legado cultural da nosa terra. As súas composicións son en galego e inglés e a súa música é unha viaxe onde o folk-rock e o blues se mesturan con outros momentos máis acústicos e tribais.





GALIFUNK

CONCERTO

Galifunk ten como finalidade formar parte da cultura musical do país, dando un punto de vista diferente ao estilo de música ao que se soe asociar a súa formación instrumental, apostando sempre polo bo gusto e por sorprender con temas que nunca se esperarían dunha agrupación destas características, ofrecendo un espectáculo moi variado, intepertando temas onde predomina a improvisación, ritmos pegadizos, a virtuosidade e incluso pequenas incursións ao rap.





VENRES 10

18:00

ZONA VELLA: ANIMACREQUES

SAN PEDRO: OS CARUNCHOS

ENSANCHE: TÁTARA TRIO E OS PAPAMOSCAS

CONXO: CE HOME ORQUESTRA

20:00

PRAZA DE FEIXOO: FILLAS DE CASANDRA

PRAZA ROXA: THE SHOW BASS (XOUBAS)





ANIMACREQUES

ANIMACIÓN DE RUA

En Animacreques, a partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza, xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Anxela Blanco e Vanessa Rivas (Catropés) propoñen un xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.





OS CARUNCHOS

ANIMACIÓN DE RUA

Os Carunchos é un grupo de música tradicional galega con máis de vinte anos de experiencia tanto nos escenarios coma nas rúas. Con sete discos publicados, o último 'Lingua de xigantes' en 2021, a banda é moi valorada polo público foliadeiro e que gusta da música folk. O seu formato pasarrúas conta cun animado repertorio que vai gañando adeptas e adeptos por onde pasa.





CE ORQUESTRA PANTASMA

ANIMACIÓN DE RUA

Baixo o nome de Cé Orquestra Pantasma agóchase o músico César Freiria, autodidacta e apaixonado dos instrumentos musicais. Comezou a súa andaina aos oito anos dentro da música tradicional, e dende aquela non deixou de navegar polos variados estilos da música popular. Apoiándose na recuperación da figura do Home Orquestra convértese na fórmula perfecta entregarnos por completo á festa.





TÁTARA TRIO E OS PAPAMOSCAS

ANIMACIÓN DE RUA

Tátara Trío é o novo proxecto do músico Pablo Díaz. Un trío á procura de novas sonoridades para a música tradicional e o folk galego con Pablo Díaz á gaita, clarinete e percusión; con Alex Fente no acordeón e Fernando Docampo no violín, gaita ou percusións. Nesta ocasión en formato pasarrúas e acompañados dos xigantes 'Os Papamoscas' creados por Paporrubio Teatro.





FILLAS DE CASSANDRA

CONCERTO

Fillas de Cassandra é un proxecto nado no 2021 como resultado do encontro entre Sara Faro e MaríaSOA (que tamén forma parte de proxectos como BERTO). A súa é unha aposta pola mestura entre a herdanza das cantareiras e a música actual, da man do piano, a pandeireta (e outras formas de percusión), as harmonías vocais e a electrónica. Preparan o seu primeiro disco e son xa unha das revelacións do ano na música galega.





XOUBAS

CONCERTO

Xoubas é unha banda de rocksteady, Rithm and Blues e soul xamaicano formada en Santiago de Compostela a finais do ano 2015 por músicos xa de traxectoria recoñecida. A súa experiencia en escenarios por toda a xeografía galega fai desta proposta unha aposta segura que fará gozar e bailar a persoas de os gustos e idades.





SÁBADO 11 MAÑÁ

12:00

SAN PEDRO: ENTRUDO

CONXO: BRASSICA RAPA

PRAZA ROXA: A CORDA

13:00

PRAZA ROXA: LE BARLUTHIERS

13:30

ZONA VELLA - PRAZA DE SAN AGOSTIÑO:

UM SINCERO PINCHACUMBIAS





A CORDA

CIRCO DE RÚA

Espectáculo para todos os públicos ca compañía A Vela Corda. Como unha cometa sen fío, dende o humor e o circo, esta pallasa fala soa, contéstase, vai e vén porque non atopa o seu lugar. Acompañada pola súa fiel bañeira, a que a fai soñar e reafirmar, que os tolos, non son tan tolos. Que a loucura, cúrao!





ENTRUDO

ANIMACIÓN DE RÚA

Charanga de música popular galega creada en Santiago de Compostela por músicas e músicos de diferentes formacións. Combina instrumentos tradicionais como a gaita e a pandeireta con outros máis contemporáneos coma o acordeón ou o clarinete. Unha propsoa desenfadada coa que facer entrudo en calquera momento do ano.





BRASSICA RAPA

ANIMACIÓN DE RÚA

Brassica Rapa ofrecen un espectáculo moi variado que mestura música instrumental e vogal coa multipercusión. O seu repertorio vai de grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando por temas máis jazz, música actual reivindicativa ou bandas sonoras de películas. Recollen sobre todo influencias das brass bands neiorquinas, pero tamén das big bands ou das charangas tradicionais.





UM SINCERO

DJ

Um Sincero é un dj que move a cumbia. Tralo pandémico parón, volve para exercer de “maitre” meneante porque o que lle gusta é facernos bailar e pasalo ben. Música alegre para estes tempos na sesión que ofrecerá este dj que é tamén músico en formacións coma Sacha na Horta.





LE BARLUTHIER

CONCERTO

Le BarLuthier é o novo proxecto de Miriam Rodríguez (fundadora e exvocalista de Broken Peach) con Carlos Gil Fandiño ao piano e Chucho González en el washboard. Unha formación de jazz en directo atractiva, divertida, elegante e envolvente que nos levará de viaxe aos anos 30 e 40 do século pasado coa súa especial revisión do repertorio de grandes vocalistas e cancións do xénero.





SÁBADO 11 TARDE

18:00

ZONA VELLA: MEKANIKA ROLLING BAND

ENSANCHE: BRASSICA RAPA

20:00

PRAZA DE FEIXOO: APARATO

PRAZA ROXA: MAGIN BLANCO

+ CATUXA SALOM





BRASSICA RAPA

ANIMACIÓN DE RÚA

Brassica Rapa ofrecen un espectáculo moi variado que mestura música instrumental e vogal coa multipercusión. O seu repertorio vai de grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando por temas máis jazz, música actual reivindicativa ou bandas sonoras de películas. Recollen sobre todo influencias das brass bands neiorquinas, pero tamén das big bands ou das charangas tradicionais.





MEKÁNKA ROLLING BAND

ANIMACIÓN DE RÚA

A Charanga Mekanica fundase no ano 2003 e dende aquela non para de animar festas, festivais e eventos tanto na Galiza coma de xira polo resto de Europa. Espectáculo que combina música, danza, entretemento con oito magníficos músicos tocando en vivo acompañados dun enxeñeiro de son.





APARATO

CONCERTO

Aparato é electrónica, synth-pop, melodic-bass, house, trip-hop, indie. O dúo de Santiago de Compostela formado por María Caramés (voz, theremín) e Chus Silva (producción musical) entrega unha hora de música non-stop, cun coidadísimo repertorio. Con este concerto estrearán en directo o seu novo traballo publicado esta primavera e titulado: Storm & Ilusion





MAGIN BLANCO

CONCERTO

Magín Blanco é un dos máis coñecidos creadores de propostas escénicas para público familiar no panorama actual galego. Creador da saga A nena e o grilo, do libro - disco Gatuxo, do Caderno de Cores e Cancións, da Banda das Apertas ou do espectáculo O que levamos nas maletas.





CATUXA SALOM

CONCERTO

Esta arousá é unha das revelacións da música galega de 2022 que vén de publicar o sinxelo Ten Ten Pé, chamada a se unha das cancións deste verán.

Catuxa define así o seu proxecto e a ela mesma:

“No intento de comprender quen son eu (metade nativo-argentina, metade galega) nace Catuxa Salom: Unha fusión de ritmos tribáis latinoamericanos con música en galego, nun envoltorio electrónico. A miña misión? Que conectes, que bailes e que disfrutes o ritmo dos tambores”.





PRIMA22

**9, 10 E 11 DE XUÑO
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

